

A OBRA TRANSMEDIA DE ARTESA CÍA, ILLAS DESERTAS FÁLANOS DA:

A UTILIDADE DO INÚTIL

Artesa Cía Compañía Escénica Transmedia

Neste caso tamén do teatro!!

E É PRECISAMENTE TAREFA DA FILOSOFÍA O REVELAR ÓS HOMES E MULLERES A UTILIDADE DO INÚTIL OU, SE SE QUERE, ENSINARLLES A DIFERENCIAR ENTRE DOUS SENTIDOS DIFERENTES DA PALABRA UTILIDADE.

PIERRE HADOT



ALUMNADO

Esta proposta oriéntase principalmente para alumnado de 2^a.3^a e 4^o ESO e 1^a e 2^o bacharelato

MATERIAS PRINCIPAIS

Filosofía

Xeografía

Ciencias sociais, historia do mundo contemporáneo

Economía

Tecnoloxía e tecnoloxía da información e da comunicación

Valores éticos

Lingua galega

Artes Escénicas

Educación física

Literatura

COLOQUIO DESPOIS DA FUNCIÓN

A compañía ten dispoñibilidade para realizar un coloquio co alumnado ao rematar a función, con asistencia do elenco e a dirección artística do espectáculo

ILLAS DESERTAS

É UNHA OBRA ESCÉNICA QUE FALA
SOBRE A UTILIDADE DO INÚTIL. DE QUÉ
XEITO?

Amosando que é útil todo aquilo que nos axuda a facernos mellores. Nesta sociedade no que o valor do diñeiro obrígache a ser máis rápidx, máis prácticx e máis exitosx, o ser humano ten dificultades para poñer en práctica que nada é máis útil que as cousas inútiles. Estas “inutilidades” exercen -precisamente pola súa natureza gratuíta e desinteresada, alonxada de todo vínculo práctico e comercial-, un papel fundamental no cultivo do espírito, no desenvolvemento civil e cultural da humanidade. Iso que moitas veces nos dixeron que era o máis inútil da vida, como escalar unha montaña, unha cantiga, un poema, ou incluso ver unha obra de teatro ou ler un libro...

Iso, no fondo, cremos que é o máis útil ó que podemos aspirar.

O punto de partida deste proxecto nace dende a resposta á competitividade e produtividade dun mundo que só sabe camiñar nunha única dirección: a de facernos productivas/os.



**QUE PENSADES: ESTADES DACORDO CON ESA
DEFINICIÓN DA UTILIDADE DO INÚTIL? NON? QUE É
FACER ALGO INÚTIL PARA VÓS?**

*create un debate sobre o útil e inútil

COMO NACEU A IDEA PARA ESTA OBRA?

DUN DÍA APARENTEMENTE
IMPRODUCTIVO!

No cumio dunha montaña, despois de varias horas camiñado cun gupo de amigas/os, maiormente artistas e alpinistas, xurdiu a reflexión do inútil que era subir a unha montaña. Un dos artistas confesou a súa teima polo inútil, pois consideraba que a sociedade necesitaba dunha campaña en defensa do inútil para ser unha sociedade saúdable. Unha das alpinistas contestou: “subir a unha montaña e igual de inútil que facer teatro”. Despois dunha longa conversa sobre o tema, chegamos á conclusión de que ambas profesións (artistas e alpinistas) tiñan moito en común, os seus procesos de compromiso, loita e conquista eran similares, e tanto o teatro como o alpinismo era unha exquisita e extravagante perda do tempo que a sociedade considera “útil”, unha perda de tempo sen embargo necesaria, profunda e duradeira. Deste día aparentemente improductivo, Artesa Cía , decidiu no cumio dunha das montañas máis fermosas de Galicia que a utilidade do inútil era un bo tema para a semente do noso novo proxecto, **ILLAS DESERTAS**, inspirado nos produtos inmateriais que conteñen procesos de compromiso, loita e conquista.

COMO É PARA VÓS UN DÍA APARENTEMENTE IMPRODUCTIVO?

*que cada un/unha conte o seu día improductivo

COMO FOI O PROCESO DE INVESTIGACIÓN

Durante moito tempo mergullámonos en historias de conquistas, fracasos expedicionarios, biografías de persoas que conquistaron o inútil. Artesa Cía considera que a historia é un instrumento que críticamente fainos comprender o momento e o entorno no que vivimos, axúdanos a interpretar o pasado, comprender o presente e prever o futuro. Por iso investigamos, buscamos, lemos e estudamos historias do pasado.

As historias dos aventureiros **Amelia Earhart** e **Ernest Shackleton** foron as que máis nos apaixoaron polo seu xeito de fracasar, porque eran dous aventureirxs que amosaron a través das súas experiencias que eran animais finitos, mortais, febles, que só tiveron unha vida, e a viviron exactamente como quixeron; foron o que quixeron ser. Polo tanto pensamos que **Amelia e Shackleton** eran os que mellor podían axudar a contar a nosa historia, ILLAS DESERTAS.



COÑECEDES A AMELIA EARHART E ERNEST SHACKLETON?

SE NON É ASÍ, BUSCADE INFORMACIÓN SOBRE ELES DURANTE 8 MINUTOS.

Amelia Earhart

QUE DATOS ATOPACHEDES
SOBRE AMELIA?

-
-
-...

Ernest Shackleton

QUE DATOS ATOPACHEDES
SOBRE ERNEST?

-
-
-...

*buscade información e intercambiade os coñecementos


POR QUÉ ILLAS DESERTAS?

Nunha sociedade na que só se sabe camiñar nunha única dirección, a de facerse productivxs, famosxs e exitosxs, defender un traballo ou unha filosofía de vida que non sexa produtivamente práctica pode ser algo radical, solitario, marxinal; pero tamén pode ser unha actitude de renacemento, volver a comezar, a re-crearse, algo así como soñar con “**Illas Desertas**”.

ILLAS DESERTAS era o título que mellor podía definir esta experiencia escénica de Artesa Cía no que a través do movemento, das voces en off, da realización de cinema en directo, da interpretación, do son, da resignificación poética dos obxectos, da tecnoloxía, da construción de maquetas e do traballo con máscaras pretendemos xerar paisaxes escénicas cunha enorme carga poética, salpicados das experiencias e reflexións de dous aventureirxs, convertendo así o proxecto nun conductor vivo da memoria humana e amosando a oportunidade de comezar de novo, de reencontrarse.

**CANDO PENSAS NUNHA ILLA, QUE É
O PRIMEIRO QUE CHE VEN Á
CABEZA?**

*facede unha lista conxunta



"Que unha illa estea deserta debe parecer nos filosóficamente normal. O home non pode vivir ben e seguro máis que supoñendo rematado (ou cando menos dominado) o combate vivinte entre a terra e a auga.

Soñar con illas é soñar que un se separa, que está a separarse, lonxe dos continentes, que está só e perdido; ou ben é soñar que se volve comezar de cero, que se re-crea, que se recomenza"

Gilles Deleuze

DE QUE TEMAS FALAMOS?

FALA DA UTILIDADE DO INÚTIL FRONTE A UNHA SOCIEDADE ENTREGADA NA PRODUCTIVIDADE. EXPÓN TEMAS TENDO EN CONTA O CONTEXTO ACTUAL.

ILLAS DESERTAS tamén aborda temas como:

O significado do utilitarismo e a importancia de cultivar o inútil para enriquecer o noso espírito e os nosos afectos;

da necesidade de consumir e producir máis cousas inútiles que útiles, tanto polo pracer de facelas como pola ensinanza crítica que proporcionan;

da experiencia de ler un libro, subir unha montaña, ver un cadro ou unha obra de teatro, de todas esas cousas que se consideran inútiles;

do enriquecemento do noso espírito facendo cousas que non producen diñeiro nin bens materiais, pero son fundamentais para nutrir o noso interior e favorecer a nosa liberdade;

da tecnoloxía e a revolución antropolóxica que pode sufrir o ser humano con ela;

da gratuidade e do medo;

da lentitude do tempo;

da importancia que ten fracasar;

do éxito, da fama e o individualismo;

do cambio climático;

Tratamos de darlle forma a todos estes temas a través de palabras, signos, símbolos e sobre todo a través de metáforas, para que o público os complete coa súa imaxinación. Tentamos que a temática se convirta nunha ponte de comunicación na nosa Illa Deserta particular.

Que pensades da gratuidade, o medo, a lentitude do tempo, do fracaso, do éxito, da fama e o individualismo?

*Debatíde sobre estes temas e intentade buscar unha ligazón entre eles.

EN DEFINITIVA?

DE QUE VAI ILLAS DESERTAS?

ILLAS DESERTAS válese das experiencias e reflexións de dous dos grandes fracasos da historia, a fallida volta ó mundo polo ecuador da aviadora Amelia Earhart, e a expedición antártica do explorador Ernest Shackleton. Toda a obra está bañada pola súa transmisión cultural, polo seu camiño vital cara á utilidade desas cousas inútiles.

A obra fai referencia directa ás ambigüidades do hoxe e logra proxectar luz nos currunchos escuros do incosciente colectivo. O que conta é universal, pero tamén atemporal. Un home lidera unha expedición para atravesar a Antártida a pé. Unha muller comeza unha volta o mundo en avión pola liña ecuatorial.

O motivo: seguir os seus sonhos, as súas paixóns, superar os seus medos e curiosidades. Pódese rescatar unha profunda análise de por qué vivimos, en qué consiste a vida e por qué morremos.

Os protagonistas desta historia fraccionada convidan ó público, comunicándose con eles a través dunha app nos seus móbiles, a subirse a bordo da súa expedición ás Illas Desertas. Esta viaxe, a procura desta Ítaca contemporánea, con continua comunicación entre intérpretes e público, convértese nun acto poético, nunha experiencia, nunha fermosa aventura actualizada no que se amosa outro camiño, unha alternativa á competitividade e produtividade da sociedade actual atafegada polo éxito, as metas e a posesión de bens.

Artesa Cía embarca ó espectador nesta aventura, con interrogantes, incerteza, entusiasmo e paixón. Sen esquecer o poético, íntimo e contemporáneo que existe nos seus traballos e a procura de novas linguaxes escénicas; esta vez, para internarse na utilidade do inútil.



CAL FOI A ÚLTIMA EXPERIENCIA INÚTIL?

PENSA NELA DURANTE 3 MINUTOS, DESPOIS COLLE UN FOLIO E INTENTENTA RECREALA DO XEITO QUE QUEIRAS OU POIDAS, (DEBUXO, CANCIÓN, MOVEMENTO, TEXTO....)





GRAZAS

VÉMONOS NO TEATRO